te

traballadores/as do ensino

CCOO ensino

2026

PERMISOS E LICENZAS

FUNCIONARIADO NON DOCENTE
PERSOAL LABORAL

ccooensino.gal

te

ccoo ensino

traballadores/as do ensino

ccooensino.gal

Permisos

1. Por razón de saúde grave ou falecemento de familiares
2. Por traslado de domicilio — 3

3. Para concorrer a exames finais, probas definitivas de aptitude e probas selectivas no ámbito do emprego público
4. Por deberes inescusables ou relacionados coa conciliación da vida familiar e de asistencia a consultas e revisións médicas
5. Por violencia de xénero — 4

6. Por asuntos particulares
7. Por accidente ou enfermidade moi graves do cónxuxe ou parella de feito ou dun familiar dentro do primeiro grao
8. Por matrimonio ou unión de feito — 5

9. Para as mulleres en estado de xestación
10. Da nai biolóxica por nacemento — 6

11. Por adopción e por garda con fins de adopción ou acollemento
12. Por adopción ou acollemento internacional — 7

13. Da outra persoa proxenitora por nacemento, acollemento ou adopción dun fillo ou filla — 8

14. Por lactación dun fillo ou filla menor de doce meses
15. Para a realización de tratamentos de fecundación asistida — 9

16. Por nacemento de fillos prematuros ou que por calquera outra causa deban permanecer hospitalizados a continuación do parto
17. Para a realización de exames prenatais e técnicas de preparación ao parto e permisos nos casos de adopción, acollemento ou garda con fins de adopción — 10

18. De oito semanas para coidado de fillo/a ou menor acollido/a — 11

Reducións de xornada

1. Por coidado do cónxuxe ou parella de feito, dun familiar de 1.º grao, ou dun menor en acollemento preadoptivo, por razóns de enfermidade moi grave
2. Por coidado de fillo/a menor afectado/a por cancro ou outra enfermidade grave
3. Por violencia de xénero — 12

4. Por garda legal
5. Por coidado de familiar, non retribuída
6. Por interese particular — 13

Licenzas

1. Por asuntos propios
2. Por enfermidade propia (incapacidade temporal)
3. Por risco durante o embarazo ou na lactación natural de menor de doce meses
4. Para a participación en proxectos ou programas de cooperación para o desenvolvemento e de acción humanitaria — 14

5. Por hospitalización prolongada — 15

Días de asuntos particulares — 15

Días de vacacións — 15

1. Por razón de saúde grave ou falecemento de familiares

Duración

- Por accidente ou enfermidade graves, hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise de repouso domiciliario.
  - De cónxuxe, parella de feito ou parentes ata o primeiro grao por consanguinidade ou afinidade, así como calquera outra persoa convivente e que requira coidado: **cinco días hábiles.**
  - Dun familiar dentro do segundo grao de consanguinidade ou afinidade: **catro días hábiles.**
- Falecemento de cónxuxe, parella de feito ou familiar dentro do **primeiro grao** de consanguinidade ou afinidade:
  - **Tres días hábiles** cando o suceso se produza na **mesma localidade.**
  - **Cinco días hábiles** cando sexa en **distinta localidade.**
- Falecemento de familiar dentro do **segundo grao** de consanguinidade ou afinidade:
  - **Dous días hábiles, na mesma localidade.**
  - **Catro días hábiles, distinta localidade.**
- Terase en conta a localidade de residencia que o traballador/a teña comunicada ao centro educativo ou, cando non, á Administración.

Observacións

- **Retribuído integramente.**
- Días ininterrompidos e a continuación do feito, no caso de falecemento. Nos demais casos, poderá facerse de forma descontinua.
- En caso de urxencia, pode iniciarse o permiso logo da comunicación verbal.
- Considerarase hospitalización cando a estadía inclúa, como mínimo, unha noite e unha comida principal no centro hospitalario.
- Son días inhábiles os sábados, os domingos e os días festivos.

Referencias lexislativas

- Artigo 128 do RDL 5/2023, de 28 de xuño.
- Artigo 108 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Instrución sexta da Resolución do 24 de febreiro de 2016, da DXFP.

2. Por traslado de domicilio

Duración

- **Un día natural,** se o traslado ten lugar dentro da **mesma localidade.**
- **Dous días naturais,** se implica cambio de residencia a **outra localidade.**
- **Se a unidade familiar está integrada por dúas ou máis persoas, a duración do permiso dóbrase.**

Observacións

- **Retribuído integramente.**
- Gozarase con carácter ininterrompido e deberá acreditarse documentalmente o traslado, con posterioridade.

Referencias lexislativas

- Artigo 109 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Instrución sétima da Resolución do 24 de febreiro de 2016, da DXFP.

3. Para concorrer a exames finais, probas definitivas de aptitude e probas selectivas no ámbito do emprego público

Duración

- Abrangue os días da súa realización.

Observacións

- **Retribuído integramente.**
- Enténdese que *exames finais ou probas definitivas de aptitude* son aqueles tendentes á obtención dun título académico ou profesional.
- Non están incluídos exames ou probas de aptitude doutro carácter, como os que se realicen para obter permisos de condución de vehículos ou similares.

Referencias lexislativas

- Artigo 117 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Instrución oitava da Resolución do 24 de febreiro de 2016, da DXFP.

4. Por deberes inescusables ou relacionados coa conciliación da vida familiar e de asistencia a consultas e revisións médicas

Duración

- O tempo indispensable.

Observacións

- **Retribuído integramente.**
- Deberá xustificarse a imposibilidade de cumprimento fóra da xornada laboral.
- Comprende:
  - Deberes de carácter público.
  - Deberes relacionados coa conciliación da vida familiar e laboral:
    - Asistencia ás titorías convocadas polo centro escolar ao que asisten menores ao seu cargo.
    - Acompañar fillos/as maiores de idade, cónxuxe ou parella a consultas e revisións médicas incluídas no sistema sanitario público. Debe acreditarse que esas persoas padecen limitacións físicas ou psíquicas que lles impiden asistir soas, agás para probas diagnósticas con dificultade importante ou por consello de persoal facultativo.

Referencias lexislativas

- Artigo 111 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Instrución décimo terceira da Resolución do 24 de febreiro de 2016, da DXFP.

5. Por violencia de xénero

Duración

- Tempo necesario

Observacións

- **Retribuído integramente.**
- As faltas serán xustificadas polos servizos sociais ou sanitarios.

Referencias lexislativas

- Artigo 72 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Artigo 49.d do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Instrución décimo quinta da Resolución do 24 de febreiro de 2016, da DXFP.

6. Por asuntos particulares

Duración

- Seis días sen necesidade de xustificación.
- Dous días adicionais de permiso ao cumprir o sexto trienio.
- Un día adicional por cada trienio cumprido a partir do oitavo.

Observacións

- Poderán acumularse aos días de vacacións, condicionado ás necesidades do servizo.
- Pode estenderse o seu gozo ao 31 de xaneiro do ano seguinte.
- O persoal temporal gozará os días proporcionais ao tempo traballado no ano natural.

Referencias lexislativas

- Artigo 118 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Instrución décimo cuarta da Resolución do 24 de febreiro de 2016, da DXFP.

7. Por accidente ou enfermidade moi graves do cónxuxe ou parella de feito ou dun familiar dentro do primeiro grao

Duración

- **Trinta días naturais, como máximo.**

Observacións

- **Retribuído integramente.**
- Cada accidente ou enfermidade xera o dereito a un único permiso, que se pode empregar de forma separada ou acumulada.
- Require dun informe médico que acredite que o accidente ou a enfermidade é moi grave, así como a necesidade de coidados para atender a persoa enferma.

Referencias lexislativas

- Artigo 116 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Instrución décimo segunda da Resolución do 24 de febreiro de 2016, da DXFP.

8. Por matrimonio ou unión de feito

Duración

- **Quince días naturais ininterrompidos,** que deberán gozarse en datas que comprendan o día do feito causante ou inmediatamente despois.

Observacións

- **Retribuído integramente.**
- Os/as mesmos/as cónxuxes que contraian matrimonio en sede civil e que, con posterioridade, o fagan en sede relixiosa non terán dereito a gozar dun novo permiso.
- No caso de parellas de feito inscritas no rexistro que con posterioridade contraian matrimonio, tampouco terán dereito a gozar dun novo permiso.

Referencias lexislativas

- Artigo 119 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Instrución décimo sexta da Resolución do 24 de febreiro de 2016, da DXFP.

9. Para as mulleres en estado de xestación

Duración

- Desde o primeiro día da **semana 37 de embarazo** ata o parto.

Observacións

- **Retribuído integramente.**
- En caso de xestación múltiple, o permiso iníciase o primeiro día da semana 35 de embarazo.

Referencias lexislativas

- Disposición adicional décimo sexta do RDL 5/2015, do 30 de outubro.
- Instrución décimo sétima da Resolución do 24 de febreiro de 2016, da DXFP.

10. Da nai biolóxica por nacemento

Duración

- **22 semanas. 32 semanas en caso de monoparentalidade.**

Observacións

- **Retribuído integramente.**
- Amplíase unha semana no suposto de discapacidade do fillo ou filla ou por cada fillo/a a partir do segundo en parto múltiple.
- **Descanso obrigatorio nas seis primeiras semanas** a continuación do parto de forma continua e a tempo completo.
- As seguintes **catorce semanas (vinte e dúas en caso de monoparentalidade)** poderán gozarse **ata que o fillo/a cumpra doce meses.**
- As últimas **dúas semanas (catro en caso de monoparentalidade)** poderán gozarse **ata que o fillo/a cumpra oito anos.**
- A nai biolóxica non poderá ceder unha parte deste permiso á outra persoa proxenitora.
- Agás as seis primeiras semanas, pode gozarse de forma interrompida. Será por semanas completas e cun preaviso mínimo de quince días.
- Agás as seis primeiras semanas, pode gozarse a xornada completa ou a tempo parcial (1/3 ou 1/2 da xornada), sempre que as necesidades do servizo o permitan.
- No caso de parto prematuro ou outra causa que obrigue o neonato a permanecer hospitalizado despois do nacemento, o período (que pode comezar nos trinta días naturais seguintes ao parto) ampliarase pola mesma cantidade de días que o neonato deba estar hospitalizado, cun límite máximo de trece semanas.
- No caso de falecemento da nai, a outra persoa proxenitora poderá usar a totalidade ou, se é o caso, a parte que reste do permiso.
- No suposto de falecemento do fillo ou filla, o período de duración do permiso non se verá reducido, agás que, unha vez finalizadas as seis semanas de descanso obrigatorio, se solicite a reincorporación.
- Durante o gozo deste permiso e unha vez finalizado o período de seis semanas de descanso obrigatorio, poderá participar en cursos de formación convocados pola Administración.

Referencias lexislativas

- Artigo 42, da Lei 5/2025, do 23 de decembro.
- Artigo 3 do RDL 6/2019, do 1 de marzo.

11. Por adopción e por garda con fins de adopción ou acollemento

Duración

- **22 semanas. 32 semanas en caso de monoparentalidade.**

Observacións

- **Retribuído integramente.**
- Amplíase unha semana no suposto de discapacidade de menor adoptado/a ou por cada fillo/a en adopción ou acollemento a partir do segundo.
- As **primeiras seis semanas do permiso débense usar inmediatamente despois da resolución xudicial** pola que se constitúe a adopción ou ben da decisión administrativa de garda con fins de adopción ou acollemento.
- As **seguintes catorce semanas (vinte e dúas no caso de monoparentalidade)** poderán gozarse a partir da sexta semana **ata que se cumpra un ano do feito causante.**
- As últimas **dúas semanas (catro no caso de monoparentalidade)** poderán gozarse de **ata que se cumpran oito anos do feito causante.**
- Agás as seis primeiras semanas, pode gozarse de forma interrompida. Será por semanas completas e cun preaviso mínimo de quince días.
- Agás as seis primeiras semanas, pode gozarse a xornada completa ou a tempo parcial (1/3 ou 1/2 da xornada), sempre que as necesidades do servizo o permitan.
- Non se pode ceder unha parte deste permiso á outra persoa proxenitora.
- Despois do descanso obrigatorio de seis semanas, durante o gozo deste permiso poderase participar en cursos de formación convocados pola Administración.

Referencias lexislativas

- Artigo 42, da Lei 5/2025, do 23 de decembro.
- Artigo 3 do RDL 6/2019, do 1 de marzo.

12. Por adopción ou acollemento internacional

Duración

- Ata tres meses, fraccionable, se for necesario o desprazamento previo ao país de orixe do/a menor.

Observacións

- Pode iniciarse ata catro semanas antes da efectividade da resolución xudicial pola que se constitúa a adopción ou da efectividade da decisión administrativa ou xudicial de acollemento.
- Recibiranse exclusivamente as retribucións básicas.

Referencias lexislativas

- Artigo 123 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

13. Do outro proxenitor por nacemento, acollemento ou adopción dun fillo ou filla

Duración

- **19 semanas. 32 semanas en caso de monoparentalidade.**

Observacións

- **Retribuído integramente.**
- Descanso obrigatorio nas **seis semanas inmediatamente posteriores ao feito causante** de forma continua e a tempo completo.
- As seguintes **once semanas (vinte e dúas en caso de monoparentalidade),** poderansese gozar de maneira interrompida a partir da sexta semana e ata que o fillo/a **cumpra doce meses**. Será por semanas completas e con preaviso de quince días.
  - No caso de que se optase polo gozo deste permiso con posterioridade á finalización do permiso por nacemento, se quen goza deste último permiso solicita a acumulación da lactación, será á finalización deste período cando se dará inicio ao gozo das semanas restantes do permiso do outra persoa proxenitora diferente da nai biolóxica.
- As **últimas dúas semanas (catro en caso de monoparentalidade)** poderán gozarse de maneira interrompida ata que o fillo/a **cumpra 8 anos**. Será por semanas completas e con preaviso de quince días.
- Amplíase unha semana no suposto de discapacidade do fillo ou filla ou por cada fillo/a a partir do segundo en parto múltiple.
- No caso de parto prematuro ou outra causa que obrigue o neonato a permanecer hospitalizado despois do nacemento, o período (que pode comezar nos trinta días naturais seguintes ao parto) ampliarase pola mesma cantidade de días que o neonato deba estar hospitalizado, cun límite máximo de trece semanas.
- Poderá gozalo o outro membro da parella, a continuación do permiso por parto, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, por non ter filiación do outra persoa proxenitora, falecemento da outra persoa proxenitora ou cando unha resolución xudicial ditada en proceso de nulidade, separación ou divorcio, iniciado antes da utilización do permiso, lle recoñeza á persoa que estea a gozar deste a garda do fillo ou da filla.
- Agás as seis primeiras semanas, poderá gozarse de forma interrompida. Será por semanas completas e cun preaviso mínimo de quince días.
- Agás as seis primeiras semanas, poderase usar a xornada completa ou a tempo parcial cando as necesidades do servizo o permitan.
- Cando a totalidade ou parte deste permiso coincida no mes de agosto, poderase gozar dos días correspondentes ás vacacións ao rematar o permiso, xa que neste caso non se consideran gozadas no mes de xullo.
- No suposto de falecemento do fillo ou filla, o período de duración do permiso non se verá reducido, agás que, unha vez finalizadas as seis semanas de descanso obrigatorio, se solicite a reincorporación.
- Durante o gozo deste permiso e unha vez finalizado o período de seis semanas de descanso obrigatorio, poderá participar en cursos de formación convocados pola Administración.

Referencias lexislativas

- Artigo 42, da Lei 5/2025, do 23 de decembro.
- Artigo 3 do RDL 6/2019, do 1 de marzo.

14. Por lactación dun fillo ou filla menor de doce meses

Duración

- **Dereito a ausentarse unha hora diaria do traballo.**
  - Poderase optar por unha redución da xornada
    - Media hora ao inicio e ao final da xornada
    - Unha hora ao inicio ou ao final da xornada
- O tempo correspondente a este permiso pode **acumularse total ou parcialmente en xornadas completas** e facerse uso del en calquera momento despois do remate do período do permiso por parto, adopción ou acollemento.

Observacións

- **Retribuído integramente.**
- Cando se goce o permiso acumulándoo total ou parcialmente en xornadas completas, a súa duración será dun total de 150 horas.
- No caso de acumulación total do tempo, gozarase a totalidade en xornadas completas, que poderán ser consecutivas ou non.
- No caso de acumulación parcial, gozarase combinando a concesión de xornadas completas coa ausencia dunha hora diaria, que se pode dividir en dúas fraccións de media hora.
- Nos supostos de parto, adopción ou acollemento múltiple, a duración do permiso por lactación incrementarase en proporción ao número de fillos/as.
- Teñen dereito a este permiso as dúas persoas proxenitoras.
- O permiso é intransferible dun a outra persoa proxenitora.
- Nos supostos de adopción ou acollemento, o dereito ao permiso por lactación pode exercerse durante o ano seguinte á efectividade da resolución xudicial ou administrativa de adopción ou acollemento, sempre que no momento desa efectividade o menor teña menos de doce meses.

Referencias lexislativas

- Artigo 112 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Instrución novena da Resolución do 24 de febreiro de 2016, da DXFP.

15. Para a realización de tratamentos de fecundación asistida

Duración

- **Polo tempo necesario para a práctica dos tratamentos.**
- Se hai necesidade de desprazamento xustificada, a duración será de **dous días hábiles.**

Observacións

- **Retribuído integramente.**
- O permiso aplícase, nos mesmos termos, para acompañar o cónxuxe ou a parella de feito.
- A súa concesión condiciónase á xustificación previa da necesidade de realizalo dentro da xornada de traballo.

Referencias lexislativas

- Artigo 115 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

16. Por nacemento de fillos/as prematuros ou que por calquera outra causa deban permanecer hospitalizados a continuación do parto

Duración

- Dereito a ausentarse do posto de traballo un **máximo de dúas horas diarias.**

Observacións

- **Retribuído integramente.**
- Tamén teñen dereito a outra redución, que se pode acumular coa anterior. Esta segunda consiste nunha redución, por horas completas, da xornada de traballo diaria, de ata un **máximo de dúas horas, con diminución proporcional das retribucións**. Esta redución pode continuarse a partir da alta hospitalaria mentres que o/a fillo/a prematuro/a necesite coidados, polo tempo que determine o informe médico.

Referencias lexislativas

- Artigo 113 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Instrución décima da Resolución do 24 de febreiro de 2016, da DXFP.

17. Para a realización de exames prenatais e técnicas de preparación ao parto e permisos nos casos de adopción, acollemento ou garda con fins de adopción

Duración

- **O tempo preciso para a súa realización.**

Observacións

- **Retribuído integramente.**
- Inclúen a realización de exames prenatais e técnicas de preparación ao parto e o acompañamento da cónxuxe ou parella de feito á realización destas probas.
- Nos casos de adopción, acollemento ou garda con fins de adopción, inclúe a asistencia ás preceptivas sesións de información e preparación e para a realización dos preceptivos informes psicolóxicos e sociais previos á declaración de idoneidade.
- A súa concesión condiciónase á xustificación previa da necesidade de realizalo dentro da xornada de traballo.

Referencias lexislativas

- Artigo 114 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Artigo 48.e do RDL 5/2015, do 30 de outubro.
- Instrución décimo primeira da Resolución do 24 de febreiro de 2016, da DXFP.

18. De oito semanas para coidado de fillo/a ou menor acollido/a

Duración

- Ata oito semanas continuas ou descontinuas.
- Ata que o menor ou a menor cumpra oito anos.

Solicitude

- **Dirección territorial.**

Observacións

- **Non é retribuído.**
- Pode gozarse a tempo completo ou parcial, cando as necesidades do servizo o permitan.
- É un dereito individual das persoas proxenitoras, adoptantes ou acolledoras.

Referencias lexislativas

- Art. 49.g do EBEP.

AFÍLIATE

É esencial!

Coñece as vantaxes de seres afiliado/a

- Recibirás atención personalizada, de forma presencial, telefónica, por correo electrónico ou mensaxería dixital.
- Disporás de asesoramento laboral, xurídico e profesional.
- Contarás con servizos xurídicos bonificados a partir do primeiro ano de afiliación e gratuítos a partir do terceiro.
- Recibirás as últimas novidades, convocatorias e eventos a través da web e redes sociais.
- Poderás deducir a cota sindical na declaración da renda.
- Co teu apoio, CCOO ten máis forza para conseguir mellores condicións, salarios e dereitos a través do diálogo coas Administracións e da negociación dos convenios colectivos.
- A forza de CCOO é unha garantía para que se manteña e mellore o sistema de protección social: pensións, desemprego, dependencias, axudas.

REDUCIÓNS DE XORNADA

1. Por coidado do cónxuxe ou parella de feito, dun familiar de 1.º grao ou dun menor en acollemento preadoptivo, por razóns de enfermidade moi grave

Duración

- Ata tres horas ou a metade da xornada de traballo diaria. Por un prazo máximo **dun mes,** prorrogable en circunstancias excepcionais e en razón da extrema gravidade da enfermidade, ata **dous meses**.

Observacións

- **Retribuída integramente.**
- Se hai máis dun titular do dereito, a redución da xornada poderase ratear.

Referencias lexislativas

- Artigo 106.1.a da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Instrución vixésimo primeira (punto 1) da Resolución do 24 de febreiro de 2016, da DXFP.

2. Por coidado de fillo/a menor afectado/a por cancro ou outra enfermidade grave

Duración

- Ata catro horas ou a metade da xornada de traballo diaria. Como máximo, ata os 23 anos.

Observacións

- **Retribuída integramente.**
- Para atender o coidado do fillo ou filla menor de idade por natureza ou adopción, ou nos supostos de acollemento preadoptivo, permanente ou simple dun menor, que padeza cancro (tumores malignos, melanomas e carcinomas) ou calquera outra enfermidade grave que implique un ingreso hospitalario de longa duración ou hospitalización a domicilio das mesmas características e requira a necesidade do seu coidado directo, continuo e permanente.
- A necesidade de coidado debe ser acreditada cun informe médico.
- Ambos as persoas proxenitoras, adoptantes ou acolledores deben traballar.
- Con carácter excepcional, esta redución poderá acumularse en xornadas completas, sempre que se xustifique esta necesidade.
- Se ambos as persoas proxenitoras, adoptantes ou acolledores poden ser beneficiarios desta prestación, só un deles ten dereito ás retribucións íntegras.

Referencias lexislativas

- Artigo 106.1.b da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Instrución vixésimo primeira (punto 2) da Resolución do 24 de febreiro de 2016, da DXFP.

3. Por violencia de xénero

Duración

- Polo tempo necesario.

Observacións

- **Retribuída integramente cando a redución é dun terzo ou menos.**
- Tamén teñen dereito a adaptación e flexibilización de horario, supeditada á organización do centro.

Referencias lexislativas

- Artigo 106.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

4. Por garda legal

Duración

- Ata catro horas.

Observacións

- **Con diminución proporcional das retribucións.**
- Por garda legal dun menor de doce anos, dunha persoa maior que requira especial dedicación ou dunha persoa con discapacidade que non desempeñe actividade retribuída.
- De forma excepcional, poderase conceder unha distribución diaria irregular da redución e a súa acumulación en xornadas de traballo completas.

Referencias lexislativas

- Artigo 106.2.a da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Instrución vixésimo segunda (punto 1) da Resolución do 24 de febreiro de 2016, da DXFP.

5. Por coidado de familiar, non retribuída

Duración

- Ata catro horas.

Observacións

- **Con diminución proporcional das retribucións.**
- Por coidado directo de cónxuxe ou parella de feito ou de familiar ata o segundo grao que, por razóns de idade, accidente ou enfermidade, non se poida valer en por si e que non desempeñe actividade retribuída.
- De forma excepcional, poderase conceder unha distribución diaria irregular da redución e a súa acumulación en xornadas de traballo completas.

Referencias lexislativas

- Artigo 106.2.b da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Instrución vixésimo segunda (punto 2) da Resolución do 24 de febreiro de 2016, da DXFP.

6. Por interese particular

Duración

- Ata dúas horas e media diarias.
- Duración mínima de tres meses e máxima dun ano.

Observacións

- **Con diminución proporcional das retribucións.**
- Renovable cunha antelación mínima dun mes á data de finalización.
- De forma excepcional, poderase conceder unha distribución diaria irregular da redución e a súa acumulación en xornadas de traballo completas.
- Subordinada ás necesidades do servizo.
- Queda automaticamente sen efecto en caso de cambio de posto.

Referencias lexislativas

- Artigo 5.2 da Lei 1/2012, do 29 de febreiro.
- Instrución vixésimo terceira da Resolución do 24 de febreiro de 2016, da DXFP.

1. Por asuntos propios

Duración

- **Ata tres meses cada dous anos.**

Observacións

- **Non retribuída.**
- Subordinada ás necesidades do servizo.
- Permanécese en servizo activo e, polo tanto, suxeito/a ao réxime de incompatibilidades.

Referencias lexislativas

- Artigo 127 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Instrución décimo oitava da Resolución do 24 de febreiro de 2016, da DXFP.

2. Por enfermidade propia (incapacidade temporal)

Duración

- **Ata 18 meses.**
- Pode haber seis meses máis de prórroga sen obriga de cotizar.

Observacións

- **Retribuída integramente.**

Referencias lexislativas

- Artigos 128 e 146.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

3. Por risco durante o embarazo ou na lactación natural de menor de doce meses

Duración

- Polo tempo necesario, cando non sexa posible a adaptación das condicións ou do posto de traballo.

Observacións

- **Retribuída integramente.**

Referencias lexislativas

- Artigos 126 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

4. Para a participación en proxectos ou programas de cooperación para o desenvolvemento e de acción humanitaria

Duración

- Non superior a seis meses.

Observacións

- Pode ter carácter retribuído, se así se determina.
- Subordinada ás necesidades do servizo.

Referencias lexislativas

- Artigo 130 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Artigo 18 do Decreto 29/2017, de 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento.

5. Por hospitalización prolongada

Duración

- Ata un mes.

Observacións

- **Non retribuída.**
- En caso de hospitalización prolongada ou repouso domiciliario por enfermidade grave de cónxuxe, parella de feito ou parentes convivientes.

Referencias lexislativas

- Artigo 131 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Instrución vixésima da Resolución do 24 de febreiro de 2016, da DXFP.

DÍAS DE ASUNTOS PARTICULARES

Trienios	Días adicionais	Total
1.º - 5.º	0	7
6.º	2	9
7.º	2	9
8.º	3	10
9.º	4	11
10.º	5	12

Cada ano natural hai un mínimo de seis días de asuntos particulares. En 2026 serán sete.

Ademais, tal e como se amosa no cadro, disponse de días adicionais segundo a antigüidade.

DÍAS DE VACACIÓNS

Anos	Días adicionais	Total
0-14	0	22
15	1	23
20	2	24
25	3	25
30	4	26



O Barco
Praza do Concello, 2
988 322 034
scensino.oure@galicia.ccoo.es

A Coruña
Avda. Alfonso Molina, km 2
981 145 895
scensino.coru@galicia.ccoo.es

Ferrol
Rúa María, 42-44
981 369 336
scensino.ferrol@galicia.ccoo.es

Lugo
Rolda da Muralla, 58
982 221 060
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

Monforte
Roberto Baamonde s/n
982 401 518
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

Pontevedra
Rúa Pasantería, 1
986 866 276
scensino.pont@galicia.ccoo.es

Ourense
Parque San Lázaro, 12
988 392 256
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Ribadeo
Avenida de Galicia, 20
679 147 726
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

Santiago
Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 8
981 551 826
ensino.stgo@galicia.ccoo.es

Vigo
Rúa das Teixugueiras, 11
986 246 847
scensino.vigo@galicia.ccoo.es

Vilagarcía
Rúa Alexandre Bóveda, 2
986 502 000
scensino.pont@galicia.ccoo.es

Viveiro
Rúa Alfredo García Dóriga
982 561 001
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

CCOO
ensino
O poder de cambiar as cousas

ccooensino.gal